

Sra. Alcadesa e membros da corporación municipal de Santiago de Compostela; representantes das institucións políticas, culturais e sociais; Sras. deputadas do Parlamento Galego; deputadas da Deputación Provincial.

Querido Xosé Manuel Beiras, querido escritor.

Amigas e amigos.

Chantamos o monólito do escritor como unha porta que se abre aos lugares onde a palabra será anainada, lugares que son territorio de tenrura onde a dor sosega.

Das canteiras do Deza, da variedade silvestre, chegou o granito que dará acougo ao verso insculpido na pedra que o canteiro Gumersindo vén de tallar con sabia e cálida mao.

Coa pedra, sementamos palabras orballadas que se acollerán, rumorosas de silencios, na noite que escoitará os sinos da Berenguela: os que marcarán o nacer do tempo que aínda non existe.

Chantamos o monólito que sostén o verso, o poema, a pedra onde fai niño. E da súa lectura, nacerán outros poemas que nos convoquen á tenrura, que convoquen a amar e ser amados entre a luz que nace da noite e a luz que nomea o día que virá. É cando vivimos os momentos que fundan o soñar. As palabras insculpidas na pedra darannos arrimo, darannos a capacidade de amar e ser amados en cada amañecida.

Vivimos un tempo no que as imaxes de dor estarrecedoras magóannos, férennos, derrótannos como seres humanos. Precisamos do poema que nos rescate da dor, que sexa construtor de esperanza, creador de conciencia.

Abrimos hoxe esta porta que constrúe territorios de tenrura.

Si, é a porta que dá entrada á cidade, a que se alimenta do mundo sensíbel que habita territorios de tenrura, lugar da beleza do efémero, que acolle aquilo que non permanece porque é eterno. Esa cidade que é creadora da luz e das súas caligrafías, que vive nos tránsitos da luz, que vive todo albor, que está a nacer. É a cidade que é alicerce de todas as cidades que habitan a cidade de Compostela: raios de sol que se filtran a través das follas dos ameneiros que acompañan o transcorrer do río Sarela.

Neste lugar lembramos as maos das lavadeiras e elas convócanos ás maos das costureiras, as que tecían os sonhos da pintora Aurichu Pereira, querida e admirada amiga, que vestiu de liño e satén o corpo andariño de quen lles fala para andar os camiños da vida.

Facemos renacer da terra fértil o teixo coma árbore, para así crear o lugar do poema, para que soñe e se faga substancia, ánima. Para que cante o malvís e arrecenda a macela.

Acompáñanos no seu humilde transcorrer, o río Sarela, de efémeros espellos. Leva unha luz que peneiran as follas a través dos pradairos, no seu latexar en ritmos vitais, acompañará a nosa vida.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Parque de Galeras, Santiago de Compostela.
14 de xuño de 2025*